

PREGON DO NADAL EN BEGONTE

---

Boas noites e bo nadal.

Hai algo máis dun ano, visitáronme no meu despacho en Santiago de Compostela os membros da Directiva do "Centro cultural José Domínguez Guizán" de Begonte, a entidade promotora do Belén Electrónico, para invitarme a sé-lo Pregoeiro do Nadal begontino. E acepei de inmediato pero pospoñéndoo un ano. Remitindo a decembro de 1991 aquela invitación de aló polo mes de outubro de 1990.

Prometín tamén vir ó Centro cultural antes de que o ano rematase, para coñecer o Belén electrónico, un dos máis sobranceiros do País galego, e cumprín a promesa precisamente o día de remate do ano. O 31 de decembro, de paso para Vilalba onde ía saudar á miña benquerida tía Amadora, acompañado de algúns amigos chairegos, vin a Begonte a contemplar por primeira vez o Belén Electrónico. E quedei ben contento de facelo. Porque foi unha gratísima impresión descubrir o froito dun traballo de anos, o sinxelo traballo de mans expertas postas ó servicio da fe e da inocencia.

Pasou un ano. Un ano, como poucos, cheo de traballo, de preocupacións, de esforzos, con pequenos e non tan pequenos

logros. E cando o Nadal se achega, lembro a xa vella promesa e acudo a Begonte para ofrecer a miña palabra de crente e de chairego para abri-la tempada do Nadal nesta comarca que ben pode ser considerada a capital do Nadal no País galego.

-----

A comezos dos anos 70, recorreu Galicia unha mostra de Nadal titulada "Galicia canta ó Neno", levada por un colectivo no que compre suliñar a presencia do grupo lucense "Fuxan os Ventos". Nesta mostra, ponse na boca dun vello gaiteiro unha paxoliña que di:

"Hei de pasar por aló / a tocarlle unha alborada.

Queira Deus que non me esquenza / o son con que hei de  
tocala".

Tamén cando me dispuxen a vir a Begonte, preguei a Deus que non me esquencera do son, do xeito, de tocar esta alborada; de canta-lo Nadal nesta terra. Que non me esquenza do que significa esta festa, e do que Begonte significa para toda Galicia como un facho aceso, como un faro alumante que pregúa que (de novo) celebrámo-lo Nadal.

Desde fai 19 años, Begonte transmite arredor de sí, de boca en boca e a través dos modernos medios de comunicación social, unha mensaxe. A mensaxe que soñou o creador do Belén, un crego nado en terras de Vilalba, en San Xoan de Alba, que querendo

mellor cumplir co seu Ministerio, creou un inocente Belén para irradiar inocencia. E consigueu facer de Begonte a luz do Nadal para iluminar todo Galicia. Un fito cultural e social para que nos tempos do Nadal teñamos onde ollar, onde dirixirnos; teñamos un exemplo de tesón, de relixiosidade, de fe ( e tamén de cultura ) no que poder refuxiarnos alomenos por un anaco. Algo que nos volta á nenez, a aqueles tempos felices nos que case nada turbaba os nosos soños, nos que tódolos feitos eran posibles, nos que o Belén era a mellor maneira de adentrarnos nun mundo de fe que os nosos maiores disfrutaban plenamente e ó que nós accedíamos pouco a pouco, paso a paso.

Certamente non é novo o sistema para achegar a mensaxe do nacemento de Xesús ás xentes do pobo. Hai xa dezaseis séculos que na catacumba de San Sebastián, en Roma, apareceu a primeira representación da escea do nacemento en Belén con San Xosé, a Virxe María e o Neno, acompañados dunha mula e dun boi.

Pero foi San Francisco de Asís, na noiteboa do ano 1223, o artífice da primeira representación que a historia recolle dun Belén. Quixo Francisco de Asís, despois dunha viaxe a Terra Santa, humanizar a figura de Cristo recén nado e mostralo tal como o puideron contemplar aqueles homildes pastores, os primeiros que ali chegaron.

Foi en Greccio, nunha cova das estribacións do monte, no Val de Rietti, en Italia. San Francisco fixo que os seus irmáns na Orde franciscana e labregos dos arredores representasen os

personaxes daquel primeiro Belén. Os pastores da comarca acudiron con antorchas, con cancións, con agasallos, con amor... Diante do Belén, celebrou misa. Despois do evanxelio, o "poverello" de Asís achegouse ó pesebre e alí falou - como di unha crónica- "con verbas que vertían mel" do "Neno do Belén".

Según a tradición, no momento máis solemne da misa, a figura do Neno Xesús - de barro modelado polo propio santo- cobrou vida, sorriu, e estendeu os brazos hacia Francisco de Asís. O momento en que o Santo colle nos seus brazos ó neno quedou plasmado en Asís, na Basílica, polos pinceis de Giotto nun magnífico fresco coñecido como "PESEBRE DE GRECCIO".

Daquela naceu o Belenismo; con aquela primeira representación, ata o punto de que de Francisco de Asís, con toda a súa santidade e herdanza franciscana é esta - a do Belenismo- unha das más senlleiras lembranzas. Despois daquel primeiro Belén, os señores de outras poboacións cercanas, os conventos, as igrexas... organizaron novos Belenes. E para mellor facelo deron en armar figuriñas que representasen ós personaxes para conseguir algo estático e duradeiro.

Parece ser que xa os membros da orde franciscana introduciron o Belén en España no mesmo século XIV. Pero a entrada oficial produciuse con Carlos III, no século XVIII. Este rei instalara un nacemento no seu pazo real de Nápoles, en 1739, con figuras da fábrica de louza italiana de Capodimonte, amosándoo como unha preciada xoia. Logo, rei de España, introducíu neste País a arte

do Belén. Señores e ricoshomes de Italia e de España empezaron a rivalizar con cadanseu máis artístico e más rico Belén, que non só afincarían nesta nación senón en todo o mundo hispánico de América. Ata o punto en que cada pobo chegou a conseguir o seu Belén, maxinando como sería o orixinal desde o seu persoal xeito de velo.

Artistas e artesáns confeccionan figuras en cerámica ou porcelana, barro ou marfil, alabastro, aramios ou telas... Pero o Belén é algo persoal, á medida de cada quen. Cada casa, ten o seu especial Belén. E os nenos da casa depositan nas mínimas figuriñas de barro un anaco de corazón. Nos tres reis, a súa esperanza. Na sagra familia, a súa fe. E a súa imaxinación bebe nos ríos e nas fontes, camiña polos sendeiros de area, conquista o castelo de Herodes, xoga co neno no Portal...

No caso do Belén de Begonte, multiplícase a ilusión porque milleiros son os visitantes.

Salvando as distancias dos tempos, Begonte foi hai 19 anos un novo Asís, un Asís galego, onde se puido asistir a un feito histórico para o pobo de Begonte e para o belenismo galego.

A fe dun crego e o seu traballo e o do seu equipo, conseguiron dar vida a un Belén. Non só porque se revive a idea, polo contaxio vital de todo o arredor, senón - milagre da técnica- por insuflar un xeito de soplo vital ás figuras inanimadas e así facer en representación feliz que os muiñeiro moan, que os serranchíns

serren, que o pescador loite co peixe, que os soldados de Herodes vixien o castelo... Que choiva, que neve, que pasen as nubes, que apareza-en fin- o anxo para desexar "Paz na terra ós homes e mulleres de boa fe". Como di o poeta louzariño Fiz Vergara Vilariño, estes "Inquedos armadanzas" ó Belén de Begonte,

.....

"na gran noite sereá e misteriosa..."

Déronlle, en fin, cencia ben sinxela  
pra facer de Begonte unha lanzal  
Galilea máis galega e máis fermosa".

Máis vello que a mesma representación do Belén é o costume de cantar cancións alusivas ó Nadal. Polo que a España se refire, a más antiga mención témola en Pelaxio, arcediano de Tarazona, no século VI, cando conta unha viaxe de San Prudencio na que "instruíu a uns pastores na doctrina de Cristo, cantándolles salmos e coplas do Nadal".

Por cantar cantos de Nadal, os cristiáns eran perseguidos na España dos séculos VII e VIII. Desde o século IX existen xa textos literarios, escenificacións... E cantan ó Nadal Berceo e López de Ayala, Gómez Manrique ou Frei Ambrosio de Montesinos, Gongora, Lope de Vega ou Santa Teresa. E, xa modernamente, Marquina ou Gerardo Diego.

Temos na nosa terra referencias de hai algo más de trescentos cincuenta anos. O vencello do Nadal con Galicia resáltase no primeiro vilancico galego que se conserva:

"Ai, se noso Deus  
galego se face,  
vámoslle cantar  
á chouza en que nace.

.....

Pois nace en Galicia,  
na falda da serra,  
Galego se face,  
é da nosa Terra."

Tamén en Begonte, desde o primeiro momento, o canto do Nadal foi unido ó Belén. Non só se convoca un anual certame de poesía sobre o Nadal, senón tamén cada ano se fai escoitar aquí o canto coral con temas do Nadal de todo o mundo, e de Galicia. Mesmo hoxe, como boa e nova proba, a Polifónica da miña vila de Vilalba estará de novo, como tantas veces, cantándolle ó Neno do Belén de Begonte.

-----

Non hai, como en Asís, miragre. Non hai neno Deus de barro que se convirta, anque sexa por un instante, en neno de carne e oso que sorría e que tenda as súas mans hacia o seu feitor. Non hai ese grande miragre.

Pero hai o pequeno miragre de espertar ilusión, de abri-los ollos a un mundo diferente; de contaxiar de Nadal ós milleiros de persoas que cada ano o visitan. Un Belén polo que - palabra de poeta - hai que deixarse arrolar. O poeta guardés Gómez Alfaro escribeu:

"Que te arrole Begonte co seu canto  
 saturado de hosanas e de honores  
 nese trono de fe e más de amores  
 creado por un crego homilde e santo".

O voso Belén, begontinos, é un pequeno miragre. Un pequeno miragre da técnica nado da feliz idea de JOSE DOMINGUEZ GUIZAN, o voso crego que ben pode ser chamado o CREGO DO BELEN, "crego homilde e santo" que estará a armar novos belenes no ceo. Nado da arte de JOSE RODRIGUEZ VARELA, artista e artesán, que fixo realidade a idea; que a sigue facendo realidade ano tras ano. Nado da devoción dun pobo pola representación más humana, más cercana, do seu Deus, e mantido vivo pola ilusión, polo agarimo, pola calor de milleiros de chairegos e xentes de toda Galicia que hoxe, de novo, empezan a acudir a Begonte.

No tempo en que os temas espirituais seguen a ser verdade e se reforzan; no tempo en que o Camiño de Santiago é, más que nunca, un camiño universal de peregrinación, xurden novos camiños que compe seguir para mellor descubrirmos a nós mesmos. Un deses camiños ven a Begonte. E peregrinos de tódalas terras deste fin do mundo atopan en Begonte, atopamos, un recanto de paz. Que xa é moito nestes tempos axitados que vivimos.

E verdade o que dixo Fiz Vergara, poeta das terras de Lóuzara, cantor do Belén begontino:

"A Begonte este ano iremos

pra visita-lo Belén.

De Begonte voltaremos

encheitos de paz e ben."

Que de paz e ben nos encha cada visita que fagamos ó Belén de Begonte. Que de paz e Ben goce a nosa terra galega neste Nadal. Que este Nadal sexa reencontro cos nosos, con tódolos galegos espallados polo mundo, e con nós mesmos. Que o Neno de Belén protexa a Begonte e a todo o País galego, neste Nadal e por sempre.